

# Presentación Anuario Brigantino 2021

XESÚS FRAGA\*

Queridas amigas e amigos. Permitídemme prescindir da habitual enumeración de autoridades que recae no presentador. No meu descargo, direi que me sinto autorizado por varias razóns de peso: nin pertenzo ao mundo da Administración nin o académico, senón ao do xornalismo e a literatura, bastante máis desleixados para todo o protocolario: vaíamos, pois, directamente ao que non queda no protocolo, frase acaída para este acto e este recinto que nos acolle.

Digo ademais, queridas amigas e amigos porque considero que unha convocatoria arredor dun libro, da palabra escrita e escoitada, xa é motivo dabondo para a amizade. Que ese libro sexa ademais o Anuario Brigantino é un motivo tamén para a felicidade. Empezando polo seu número: festexamos a aparición do número 44, o correspondente ao ano 2021. Nestes tempos nos que as iniciativas culturais duran o que duran, é dicir, a medida que dan o esgotamento ou desilusión de quen as promoven, non é mérito menor que o Anuario leve aparecendo ininterrompidamente dende 1981, logo da feliz recuperación do proxecto de Vales Villamarín e que dera os números de 1948, 49 e 1951.

Creo que é de xustiza recoñecer e agradecer este traballo ás persoas e institucións que o fixeron posible, e asumir como unha honra a tarefa de presentalo. Síntome honrado ademais de poder facelo en circunstancias especiais para o Anuario, que estrea unha nova etapa logo da xubilación do seu anterior director, Alfredo Erias, director tamén do museo, o arquivo e a biblioteca, alicerce fundamental desa lonxevidade á que antes aludía. A súa sentida despedida celebrada o ano pasado, figura, como non, nas páxinas deste Anuario. A miña gratitude para o novo director, Ángel Arcay Barral, e a alcaldesa, María Barral, por confiarme esta responsabilidade.

A miña gratitude, ademais, como o Anuario, esténdese no tempo, o longo tempo que levo lendo os seus traballos. Empecei contra finais da década dos oitenta, coincidindo cos inicios na universidade, e a partir de aí fun tanto para atrás, a números anteriores, como para adiante, cada vez que se publicaba un novo tomo. Xa dixeran que non formo parte do mundo académico: o meu interese, por tanto, é o dun afeccionado á historia, un observador do pasado, que ao cabo deu por cristalizar tamén nunha vocación pola narración. Co gallo desta presentación cavillei un chisquiño no porque deste interese meu polo pasado e a historia e creo que dei con algúns motivos que poden explicalo. Motivos persoais, familiares e vinculados a Betanzos.

---

\*Xesús Fraga (Londres, 1971) xornalista e escritor, recoñecido no ano 2021 co Premio Nacional de Narrativa polo seu libro *Virtudes* (e misterios).

Dende moi neno fun consciente da sombra do pasado nas nosas vidas. Xa dende cativo estaba moi pendente dos relatos dos maiores, por exemplo, nas noites de tortilla, empanada, contos e cantigas nas adegas do viño do país (a do Birís e o primeiro nome que me vén á memoria). Eu son fillo único. Como os curmáns maiores xa me levaban uns anos, e as miñas curmáns pequenas aínda tardarían algúns anos máis en nacer, sentíame unha illa xeracional, fascinado por saber como era o mundo dos meus devanceiros. Analizaba con curiosidade os álbums de fotografías sepia, onde aparecían os seus rostros, máis novos, canda outros de familiares que xa desapareceran.

Pasaba igual co escenario, un Betanzos que tanto podía permanecer idéntico en casas e rúas que eu xa coñecía, como presentar lixeiros ou dramáticos cambios, ou presentar lugares que xa desapareceran. Un Betanzos que tiña a virtude de reunir á vez planos temporais distantes e próximos, sen confusión, con naturalidade. Precisamente da man da miña familia coñecín ese Betanzos que, intuía daquela e agora confirmo, estimulou a miña imaxinación como só poden facelo os relatos absorbidos na infancia.

Por boca de meu pai coñecín a lenda da Galera, o tributo das Cen Doncelas e os irmáns Figueroa. Aí estaban os topónimos e as figueiras na mesma beira do Mendo para certificar unha historia que a min me parecía saída desas lendas e mitos que miña nai me lía, ás veces na casa, ás veces cando me levaba de paseo polos restos dun Pasatempo no que ela tamén xogara de nena.

Cruzabamos a ponte do Carregal, máis estreita daquela, pasabamos a antiga billeteira do parque, da que só quedaban en pé as paredes, e eu corría por un muro baixo de cemento no que asomaban pequenos muñóns de metal onde unha vez houbera un enreixado que alguén cortara para levalo lonxe. Dous muros curvos acolleran as esculturas da parella de leóns que había tempo tamén desapareceran, pero que sobrevivían no sepia do álbum familiar, cando meus pais se retrataran neles de mozos, como facían tantos betanceiros antes de que os venderan ao santuario de Covadonga. Eran os últimos vestixios do esplendor do parque levantado polos irmáns indianos, os García Naveira, cuxa escultura aínda seguía alí: lémbroa perfectamente, asomando entre fileiras moi ben feitiñas de repolos. Na miña nenez a horta de Don Juan era, literalmente, unha horta.

Tamén visitabamos á miña tía Leonor, empregada municipal, na casa consistorial. Grazas a ela podía acceder a dependencias pechadas ao público, como o salón de plenos, onde vibraba de emoción na contemplación do retrato acoitelado de Fernando VII, con nocturnidade e aleivosía. Tiña a Historia, con maiúsculas, xusto diante de min, como tamén os cabaleiros e donas medievais das igrexas ás que me levaban a misa os domingos, cuxos sartegos mos presentaban como os contemporáneos deses cabaleiros do rei Artur dos que tamén me lía miña nai.

Como non emocionarse coa historia, se nos rodeaba por todas partes? Como dixer, a máis remota, a de lendas de mouros e espadas e lanzas, pero tamén a do mundo inmediato ao noso e que nos acollía. Nós non o sabíamos, pero polos bancos e pupitres da aula nesa escola que tamén fixeran os indianos do Pasatempo, xa pasaran os nosos pais e mesmo os nosos avós. Avós que, nalgúns casos, vivían na mesma casa que os seus

netos: tres xeracións baixo o mesmo teito, creando coa súa presenza e relatos un tecido vivo de historia. Outros anciáns vivían a vellez con menos fortuna e residían no asilo contiguo á nosa escola, separado por un muro de cemento con relevos didácticos. No mapa xeográfico da península, seguindo a liña do río Tajo, abríase unha fenda pola que os cativos máis afoutos accedían ao xardín do asilo para roubar uvas se conseguían fuxir a tempo da ira persecutoria das monxas. Os da aula de arriba non podían imitarnos, pero a cambio eles gozaban dun patio enorme para eles, con altas nogueiras que acubillaban os seus xogos e, con cada comezo de curso, recibían unha abondosa colleita de noces, merenda para os recreos e para o camiño de volta a casa. Nese treito tamén podíamos refrescarnos coa auga das moitas fontes espalladas por Betanzos, algunhas ben visibles, como a de Diana Cazadora, na que había que subirse e beber dun xeito especial: iso si que é un protocolo, que a min me aprendeu meu pai. Que privilexio poder beber agarrados á cola dunha sirena: coa auga bebemos tamén o máxico e o maravilloso. Outras fontes eran máis recónditas, como a que agromaba ao pé do Mendo e da ponte das Cascas, onde me levaba a miña tía Elena en paseos infantís: ela tamén a visitara de nena, pero provista dunha sella, porque na súa casa aínda non había traída.

A historia rodeábanos. Mesmo se non a buscabamos ou reparabamos nela, aí estaba. Os rapaces de Bella Vista explorabamos outro asilo, este abandonado, que tiñamos en fronte, coma se fôsemos os Tres Investigadores de Alfred Hitchcock, cuxos libros estaban entre os máis demandados no préstamo na biblioteca municipal, aínda que non tanto como as aventuras de Tintín. A nosa capacidade intrépida obtiña escaso éxito, como proba o feito de que un día atopasen nel o cadáver dun vendedor ambulante das feiras que, seica, levaba morto tres meses, pero nós non fomos quen de encontralo cando percorreramos o edificio apenas uns días antes.

Eramos pioneiros sen sabelo do que agora se chama urbex ou exploración urbana. Ademais do asilo, entrabamos noutras instalacións abandonadas moi próximas, as do secadoiro do lúpulo, onde percorríamos fascinados nas oficinas nas que sobrevivían tubos de probetas, matraces e outro instrumental científico que ben poderían pasar polo laboratorio futurista que viamos en cines como o Capitol o Alfonsetti, que persistía en percorrer todas as etapas da sétima arte: sombras chinesas, cine mudo con letreiros e pianista, películas en grandioso cinemascopo.

Nas súas butacas coñecemos a outro ídolo, Indiana Jones. Cando entrabamos na selva espesa e prohibida do Pasatempo, nas covas e labirintos, como non sentirnos coma el? Con el aprendemos unha arqueoloxía de andar por casa. Nos campóns onde xogabamos, que antes foran leiras, atopabamos vestixios desa vida campesiña e labrega que foran como refugallo no esterco, abonando a terra e a nosa imaxinación, que transformaba un humilde fouciño ou uns anacos cerámicos en valiosísimos restos arqueolóxicos. Un tesouro que, como dicía o noso admirado Indy, “ten que estar nun museo”. Como en 1983 abriran o noso propio de Betanzos, o das Mariñas, metemos as nosas xoias nunha desas caixas da froita e levámola ao museo, onde lla entregamos, coa nosa inocencia infantil de dez, once, doce anos, a Alfredo Erias, creo. Se as catalogou ou as devolveu á trituradora da historia xa non sei. Pero nós cumprimos co noso deber.

Como poden comprobar neste tempo no que os levo fatigando coas miñas lembranzas, a de mirar ao pasado é unha teima da que un dificilmente se desprende. Co seu exercicio, o ollo vaixe adestrando, e inmediatamente identifica o pasado alí onde outros non ven nada. Os torreóns camuflados na Ponte Nova. O muñón da antiga ponte nova gótica que asoma co devalo da marea. Os catro ventos no reloxo da súa torre. A hipotética entrada a ese labirinto soterrado que furou o subsolo da nosa cidade histórica, xusto embaixo da curva do Valdoncel escenario doutras historias tráxicas na infancia: os repetidos accidentes que, ao cabo, forzaron a construción do desvío.

O ollo hai que adestralalo, certo, na observación, pero tamén na lectura. E aí é onde entra o Anuario Brigantino. Cada volume representa un auténtico tesouro para coñecer o pasado, xa non digo para un escritor. Dos seus moitos méritos, ademais do da lonxevidade, que xa citamos, mencionarei só dous. O primeiro, a súa amplitude de miras. Aquí hai algo para todos. Para os interesados na prehistoria, os devotos da romanización, a Idade Media e Moderna, o fascinante século XIX e o non menos convulso XX. Hai historia social, militar, das mulleres, industrial, enfoques debedores da literatura ou da antropoloxía. E aí vén o segundo trazo: malia nunca perder o rigor esixido a unha publicación deste tipo, os artigos poden lerse co sabor dunha boa historia. E neste número 44 temos exemplos cumpridos disto que falo.

Aquí temos de novo ese clásico do Anuario, o Grupo de Arqueoloxía da Terra de Trasancos e o seu labor sobre a arte rupestre neste noroeste noso, desta vez centrado en San Xulián de Vigo. Mirade as imaxes e os esquemas e logo non me diredes se os nosos remotos devanceiros de Paderne se adelantaron varios séculos a Miró. José Suárez Otero, como os mellores equipos, fai dobrete: a súa análise de dous machados do Museo das Mariñas, xunto cun pequeno puñal no mesmo museo. David Fernández Abella lévanos a Coirós para revelarnos novos achados arqueolóxicos, mentres que Felipe Arias e María Dolores Dopico detéñense nunha ara romana á que, logo de séculos, esperaba un destino inesperado: entrar na colección privada de Manuel Fraga Iribarne e de alí pasar ao Museo das Mariñas. Da Galicia romana e as súas inscricións ocúpase moi polo miúdo Juan Manuel Abascal, que pecha esta primeira parte da historia máis antiga.

Lembrarán o achado, que saíu en xornais e telexornais, da escultura coñecida como Virgen de la Leche, no río Sar. A historia non deixa de sorprendernos. Carmen Manso fai un completo estudo histórico, artístico e iconográfico da peza. Manuel Fiaño entrega a segunda parte do seu traballo sobre os establecementos da beneficencia provincial e Andrés Mosquera descúbrenos a fascinante vida dos verederos de Betanzos, os camiñantes das veredas, que levaban correo de confianza nos séculos XVII e XVIII. Aí están os seus nomes: Juan Outeiro, José Lodeiro ou Vitorio Iglesias, entre outros. Doutro colectivo, o do Somatén Armado no Partido de Betanzos, e a súa vida entre 1920 e 1932 ocúpase José Luis Crespo. Javier Ares dá conta do memorial Carlos López García-Picos, ese gran compositor, o músico máis internacional de Betanzos, como se nos di, pero a quen viamos pasear polo Campo e nos parecía un xubilado máis. A restauración artística tamén está presente no Anuario, co informe de CREA Restauración sobre o retrato de Carmen Echeverría-Olaverri por Víctor Morelli, nos fondos do Museo das Mariñas.

Daniel Lucas Teijeiro percorre as vicisitudes da demolición e ensanche da antiga Porta da Vila entre 1865 e 1913, un recordatorio de que as cidades están en perpetuo proceso de transformación, ás veces con resultados máis afortunados e outras menos. Grazas a Alba Garrido e Carlos Lozano sabemos máis dos deportados betanceiros nos campos de concentración da Alemaña nazi: a vida do noso conveciño Felipe Noguero Otero daría para unha novela ou unha película. Lean o artigo. Da man de Ricardo Varela facemos un percorrido, con moito de literario, polos xardíns do pazo de San Lourenzo, e a outro parque, máis próximo, achegámonos con Yosune Duo, quen nos aprende a ver con outros ollos o mergullador e o dirixible do Pasatempo. Xesús Torres é un dos colaboradores máis veteranos do Anuario. Desta vez fai unha achega á biografía do avogado Luís Cortiñas, un percorrido polo século XX: galeguismo, república, guerra e exilio. Por último, as obras particulares das que hai constancia no arquivo de Betanzos, entre 1931 e 1962, son o obxecto de Ángel Arcay. A súa análise, os planos e alzados e outros documentos, convidánnos a imaxinar como sería Betanzos de facerse realidade o cine nos Soportais de Rey Pedreira ou o Gran Cine Teatro no Picardel: son os nosos soños de vangarda dun Betanzos idealizado.

Péchase o Anuario número 44 coa lembranza da recente actualización dunha tradición literaria local, a dos Xogos Florais, e o repaso do acontecido no 2021, seguramente un documento de consulta obrigada para os historiadores do futuro que queiran saber como se viviu aquí o segundo ano da pandemia, xunto coas memorias das entidades culturais locais.

Todo este caudal de información súmase ao gran patrimonio formado pola suma dos traballos dos números anteriores. Como gran servizo público que é, calquera pode consultalos na web do Anuario, xunto con moita outra información valiosísima dos fondos do Arquivo. Convidoo a que busquen información dos seus devanceiros nos padróns de habitantes que están dixitalizados e accesibles na rede. Eu fíxeno e é unha experiencia do máis interesante e útil. Así, puideren reconstruír parte da miña árbore xenealóxica ata dar cun antepasado, un labrego, que viviu contra finais do século XVIII. Axuda a entender a dimensión da historia atopar constancia documental de que cando os franceses en 1789 guillotínaban aos seus reis e aristócratas un devanceiro meu xa sachaba a terra. O fogar espiritual do Anuario está formado por esa tripla dimensión: o Arquivo, o Museo e a Biblioteca.

Se ao arquivo lle debo esa información que mencionaba e outras, a débeda contraída coa biblioteca é impagable. Foron moitas as visitas que lle fixen no seu antigo emprazamento no que fora colexio de orfas, onde, nos meus primeiros anos betanceiros, acudía puntualmente cada venres, o día no que o préstamo autorizaba dous libros fronte á unidade do resto da semana. Cando miña nai remataba de dar clases de inglés no noso piso de Bella Vista, baixabamos polo chamado calexón, que eu xa sabía que era Camiño Real polo que transitaran, entre outros, os Reis Católicos, aínda que sempre houbera xente disposta a negarcho ou mesmo rirse de ti. Isabel e Fernando estiveron en Betanzos en 1487: é un dato que figura neste Anuario.

Naqueles últimos anos da década de 1970 creo que non cambiara moito o

camiño, de chan de terra e abondosas pozas no inverno, xa que a auga corría a oito cara á Cruz Verde. Pozas traioeirias que cumpría esquivar na escuridade, porque a rúa carecía de alumado público. Case mellor. Dunha banda, estaban a traseira do peor urbanismo do chamado desarrollismo, da outra, a humilde arquitectura popular labrega das Mariñas que, cando empezamos a apreciar co coñecemento, sucumbiron a un novo pulo de furor construtor, precedente da coñecida crise do ladrillo.

Xa mencionei antes que do Anuario podían extraerse valiosas leccións. Unha delas, a da perpetua transformación de Betanzos co tempo en función de avances tecnolóxicos, modas arquitectónicas, os gustos e os prexuízos dos seus habitantes. Nas conclusións ao seu traballo sobre a desaparecida Porta da Vila, Daniel Lucas Teijeiro di: “O que máis pode estrañar son os desexos de toda a poboación brigantina tiña por desfacerse da antiga Porta da Vila”. Advirte tamén de que os criterios conservacionistas propios do noso século XXI son conceptos alleos para esa xente cuxo obxectivo inmediato era poder pasar cos seus carros e animais ao interior da cidade: a porta medieval, como os soportais da rúa do Castro, debían desaparecer. “Certamente, se se mantivese en pé a porta e murallas medievais —dinos o historiador—, sería un auténtico tesouro que lle dotaría dunha maior singularidade a Betanzos, pero ese non foi o resultado nin no seu momento se quixo”. Vémolo agora, co beneficio da ollada retrospectiva. Podemos entender que os nosos devanceiros de finais do XIX sacrificasen a Porta da Vila en nome dunha anchura que eles atribuían ao progreso. Xa que falamos da porta da vila e da muralla, resulta máis difícil de entender que en data moito máis próxima como 1994, unhas obras revelasen unha das torres da muralla. Lembro o artigo que entón Alfredo Erias publicou na prensa local, no que, unindo criterio histórico e sentido común, argumentaba que Betanzos estaba ante unha ocasión única de sumar patrimonio. Cumpria expropiar o terreo, xenerosamente, engadía, e gozar da visión revelada dun Betanzos inédito. Pero o torreón volveu a ficar agochado por un novo edificio. Sobrevive a foto, reproducida neste Anuario.

Moitos dos espazos dos que falei antes, como as escolas, o asilo ou o secadoiro de lúpulo, xa non existen máis que nas pezas que conseguiron acabar no museo ou na nosa memoria. Algúns puidemos, con maior ou menor fortuna, incorporalos tamén á literatura, o terreo das emocións. Porque en moitos casos, ao seu valor patrimonial súmase o seu papel de referentes sentimentais. E creo que esa dimensión emocional, ese vencello directo co corazón, tamén debe terse en conta á hora de pensar e reflexionar esas transformacións inevitables. Poñerei algúns exemplos.

Para moitos dos que están aquí, Maíno ocupa un lugar destacado nas súas lembranzas, polos xeados de mantecado ou de tutti frutti: cada un tiña os seus partidarios. Pero Maíno tamén era un raro exemplo de local comercial do seu tipo dos anos 50, dos que apenas existen en Galicia. Historicamente, era un espazo propio dun tempo, testemuño da segunda metade do século XX, aínda que non tivese a categoría arquitectónica do antigo instituto, premio nacional, non o esquezamos. Un instituto que, tampouco esquezamos, forxou a formación, académica, pero tamén sentimental, de moitos dos que están aquí. Ambos, xeadaría e instituto, só sobreviven nas fotos e nas lembranzas.

No lugar onde estaba Maíno hai agora unha zona de carga e descarga. Será máis útil, pero non máis romántico. Para romanticismo, o da sala do Rei Brigo. A pista. Un

proxecto de 1946 de Peregrín Estellés, segundo veño de ler no artigo de Ángel Arcay neste Anuario. Seguro que moitos dos que están aquí moceaban na Pista. E os que nacemos nos 60 e 70, deberíamos ser conscientes de que somos fillos de parellas que se lograron ao calor dos bailes das mellores orquestras das Mariñas. A pista leva pechada moito tempo, pero se entran pola calella que de nome oficial é Otero Pedrayo poderán albiscar o deterioro da súa grandeza. Canta música, cantas botellas descorchadas, cantos bailes, cantos amores e ilusións aconteceron baixo o seu teito? Un lugar no que tanta xente foi feliz, non merece un trato mellor?

Eu puxen eses exemplos, pero cada un de vostedes poderá elixir os seus. Non se trata de glorificar o pasado só porque sexa pasado. Non nos confundamos: unha cousa é ser fieis á nosa memoria, ás nosas lembranzas, e outra moi distinta é fosilizala. Lembramos con cariño os partidos no campito detrás do antigo ambulatorio, sen porterías, en herba sen cortar, con grandes pozas de auga. Non había vestiarios e volvíamos a casa enchoupados da cabeza aos pés, pero felices. É unha lembranza bonita, pero preferimos que os nosos fillos xoguen a cuberto no Carregal. Esa é unha transformación positiva. Pero cada vez que paso pola chamada oficialmente praza do Emigrante, comprobo que segue sendo igual de inhóspita que o primeiro día. Árida, sen unha soa árbore. Nunca hai ninguén: nin xubilados paseando, nin nenos xogando. Cando os cidadáns nunca usan un espazo público é un dato revelador. Os que teñen poder decisión nesas transformacións urbanas deberían reflexionar, pensar. Eu penso nas nogueiras que alí se erguían.

Entre as funcións do Anuario figuran documentar, entender e divulgar o noso patrimonio. A través del adquirimos coñecemento e, con el, tamén unha responsabilidade. A de velar non só pola nosa historia, senón tamén polo noso presente, que ao cabo, non é outro que o futuro que lle imos deixar aos fillos das nosas fillas. De nós depende agora como os vindeiros anuarios, os do século XXII.



Arume